

**CONCELLO
DE VIGO**

Exp. 46471-220

PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DE DÚAS (2) PRAZAS DE SARXENTO/A DE EXTINCIÓN DE INCENDIOS, INCLUÍDAS NA 1ª FASE DA OEP DOS ANOS 2020, 2021 E 2022 (QUENDA LIBRE - CONCURSO OPOSICIÓN)**ACTA DA SESIÓN DO SEGUNDO EXERCICIO**

En Vigo, ás 09.45 horas do luns 19 de xaneiro de 2026, reúnense na sala anexa a Secretaría os seguintes membros do órgano de selección do proceso selectivo para a provisión de dúas prazas de sarxento/a de extinción de incendios, por quenda libre e concurso-oposición, designado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 08/08/2025 (BOP de Pontevedra número 155, do día 18/08/2025), modificado por Resolución da Concelleira da Área de Goberno de Seguridade, Contratación, Festas e Xestión Municipal de 20/10/2025. Estas prazas incluíronse nas ofertas de emprego público dos anos 2020, 2021 e 2022, cuxas bases reitoras e convocatoria foron publicadas no BOP n.º 179 do 13/09/2025.

Presidente titular: Rafael Moledo Alonso, suboficial do servizo de extinción de incendios do Concello de Vigo.

Secretaria: Pilar del Carmen Saborido Díaz, secretaria de Administración Municipal do Concello de Vigo

Vogal 1 titular: Juan Manuel Sánchez González, enxeñeiro de camiños, canles e portos do Concello de Vigo

Vogal 2 titular: David López Vázquez, sarxento xefe do parque de extinción de incendios do concello de Vigo.

Vogal 3 titular: Bruno de Sousa Díaz, sarxento xefe do parque de extinción de incendios do Concello de Vigo.

Existindo o quorum esixido nas bases, o órgano de selección queda constituído coa totalidade dos seus membros titulares e procédese á apertura da sesión polo Sr. Presidente

O órgano de selección procede á aprobación da última acta da sesión, ca abstención de Juan Manuel Sánchez González, ao non estar presente na sesión.

I.- CONFECCIÓN DO EXERCICIO

O órgano de selección procede a confeccionar o suposto teórico – práctico.

Consistirá en desenvolver un suposto teórico-práctico proposto polo órgano de selección e relacionado coas funcións propias asignadas ao posto e que teña relación co temario específico da convocatoria. A tales efectos e sempre inmediatamente antes da proba, o órgano de selección elaborará 2 supostos, e só un destes será o realizado polo aspirante, escollido ao chou. Conxuntamente se establecen de xeito motivado os criterios de valoración do suposto e as puntuacións máximas de cada un dos apartados e subapartados nos que se divida, criterios que son comunicados ao aspirante antes do inicio da proba.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2026 09:18	Páxina 1 de 2
260015331	CSV: A9ADDF-D559CB-26E4A3-ML8PM4-PQ43J3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Realizados estos trámites, e confeccionado o exame, chámase ao persoal colaborador, D^a María del Carmen Viñas, quen sendo ás 11.00 horas, incorpórase á sesión para a transcripción dos dous supostos teórico – práctico.

Sendo as 12.00 horas, D^a María del Carmen Viñas abandona a sesión.

II.- CHAMAMENTO PÚBLICO, APERTURA SOBRES IDENTIFICATIVOS 1º EXERCICIO E REALIZACIÓN DA PROBA

Ás 12.05 horas procédese ao chamamento público do aspirante convocado, o exame número 108332 do primeiro exercicio.

Procédese á apertura do sobre que contén a identificación do aspirante, resultando ser D. Diego Lago Barciela.

Se solicita que acredite a súa identidade co DNI.

O aspirante elixe, ao azar un dos dous supostos confeccionados polo órgano de selección e ás 12.10 horas da inicio o exercicio.

Sendo as 13.40 horas finaliza o exercicio e o aspirante fai entrega do seu exame.

Finalizada a proba, entréganse o exame e os membros do tribunal, xunto co opositor, trasládanse á sala anexa para realizar copias do exercicio.

Tódolos membros do tribunal contan con copia do exercicio e ao aspirante entrégase, ao finalizar a lectura, unha copia do seu exercicio.

Sendo as 13.50 horas o aspirante inicia a lectura do seu exercicio, que remata as 14.00 horas. O órgano de selección realiza algunha pregunta ao aspirante.

Unha vez que o aspirante abandona a sesión, o órgano de selección procede á valoración, resultando unha nota de **8,175 puntos a D. Diego Lago Barciela**.

Publicar a acta na web municipal www.vigo.org e no Taboleiro de Edictos, outorgando un prazo de tres días (3) para presentar reclamacións.

E sen máis asuntos que tratar, ás 14.30 horas o presidente levanta a sesión.

Do que dou fe como secretaria co visto e praxe do presidente.

Vº e Praxe

O presidente do órgano de selección A secretaria do órgano de selección



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 21/01/2026 09:18	Páxina 2 de 2
260015331	CSV: A9ADDF-D559CB-26E4A3-ML8PM4-PQ43J3-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		